



Concello de Viveiro

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, CORRESPONDENTE A O DÍA VINTE E SEIS DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZASEIS.

ASISTENTES:

D. JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL
D. JESUS FERNANDEZ FERNÁNDEZ
D^a. LARA FERNANDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA

AUSENTES:

D^a. MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

INTERVENTORA:

D^a. MARÍA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ

SECRETARIA ACCIDENTAL:

D^a. FÁTIMA MOAR RIVERA

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 14:00 do dia 26 de agosto de 2016, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde en funcións, D. Jesús Antonio Fernández Cal, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Accidental, D^a. Fátima Moar Rivera, ten lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

1.- EXPTE. 1180/2016.- LICENCIA URBANÍSTICA OBRA EXPTE. AUPAC URB/105/2016 O VILAR COVAS .- GIZ VIDAL FRANCISCA, , DEMOLICIÓN.

Vista a solicitude de licenza presentada por D^a Francisca Giz Vidal, con DNI 33.677.161-D, e domicilio a efectos de notificación no lugar de Pallaregas, 31, Viveiro, para a demolición dunha vivenda en estado ruinoso no lugar de Vilar, parroquia de Covas, de referencia catastral 27067 A026005430000XQ

Coa solicitude achégou proxecto sen visar asinado polo arquitecto técnico, D. Luis Rodríguez Díaz e xustificante de ter aboados os tributos municipais por ICIO e taxas de licenza urbanística e expedición de documentos, por un orzamento de execución material de 778,45 euros.

Visto que previo requirimento de subsanación das deficiencias observadas na documentación, o 4 de agosto de 2016 a interesada achega proxecto de demolición visado polo COATIE de Lugo co numero2016/468, un anexo de memoria urbanística, ambos documentos asinados polo aparelador Luis Rodríguez Díaz e oficio de dirección de obra a favor do mesmo técnico.

Visto que consta no expediente a resolución de 6 de xullo da dirección de Augas de Galicia autorizando as obras de demolición da edificación por atoparse dentro da zona de policía do rego de Peruxo.

Visto que obra no expediente o preceptivo informe técnico de carácter favorable, segundo o indicado informe o arquitecto municipal sinala, entre outros:

“(…)

1. NORMATIVA APLICÁBEL

Figura de planeamento municipal aplicábel Ordenación Urbanística Provisional, OUP,

Decreto 102/2006, modificada polo decreto 89/2010.

2. INFORME SOBRE A SOLICITUDE:

2.1.- *Clasificación e cualificación do solo*

*A clasificación do solo segundo a OUP é **solo de núcleo rural**. Ordenanza 7.*

2.2.- *Descrición da parcela*

Datos catastrais:

referencia catastral nº27067ª026005430000XQ, polígono 26, parcela 543 Vilar.

2.3.- *Descrición das obras a realizar*

As obras solicitadas consisten na demolición dunha edificación entre medianeiras de planta baixa e alta.

2.4.- *Cumprimento da normativa urbanística*

Xustifícase o cumprimento do artigo 26.1.g da Lei 2/2016, do solo de Galicia, referido a

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

demolicións de edificacións existentes.

Afeccións:

*As obras atópanse dentro da liña de policía de leitos, calquera tipo de obras ou actuacións dentro deste ámbito requirirán da autorización sectorial de Augas de Galicia, Real Decreto 849/86 de 11 de abril polo que se aproba o regulamento do dominio público hidráulico. Serán de aplicación as condicións establecidas nas autorizacións da Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, **Augas de Galicia**. Presenta autorización con data 6 de xullo de 2016.*

2.5.- Cumprimento da normativa técnica aplicábel

O arquitecto técnico Luís Rodríguez Díaz fai constar que o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicábel.

2.6.- Orzamento

*O orzamento de execución material polo cal se autoliquida inicialmente ascende á cantidade de **778,45 €**. Unha vez revisada a documentación achegada detéctase que dito orzamento corresponde só á partida de seguridade e saúde. O orzamento total da demolición é **5.350,00 €**.*

Conforme, sen prexuízo das inspeccións que por parte do persoal municipal se estimen oportunas con obxecto de comprobar as obras realizadas.

*Deberase facer unha autoliquidación complementaria por **4.571,55 €** correspondentes á diferenza de ambas contías.*

3. CONCLUSIONES:

*Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicábel emítase **INFORME FAVORÁBEL**, nas **CONDICIÓN**S expresadas nos puntos anteriores, **sen prexuízo do establecido na autorización sectorial**, que teñen carácter vencellante.*

(...)"

Visto que por parte da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo se emitiu informe xurídico para dar cumprimento ao disposto no artigo 143.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG).

Visto que a técnico xurídico sinala no seu informe que, de conformidade co disposto no artigo 142.2 letra c) da LSG, as demolicións atópanse suxeitas a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable. O procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas é o regulado no artigo 143 da LSG. O expediente dispón da documentación completa, necesaria para outorgamento da licenza, precisando de autorizacións e/ou informe sectorial en materia de protección do dominio público hidráulico segundo se desprende do informe técnico ao expediente, autorización acreditada no expediente tal e como se describe no punto 3º de antecedentes.

Conforme o disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de

Concello de Viveiro

suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, coas modificacións introducidas polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño; de acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe técnico favorable do arquitecto municipal que obra no expediente, as actuacións propostas cumpren co establecido no punto 2 do artigo 26, toda vez que se exceptiona da prohibición de demolición das construcións existentes no solo de núcleo rural os supostos de construcións que non presenten un especial valor arquitectónico, histórico ou etnográfico. O anexo ao proxecto de demolición explica, no punto 1.2 que a vivenda non ten ningún valor arquitectónico especial, tratándose dunha edificación entre medianeiras de muros rectos e sen ningún elemento distintivo e/ou tradicional que a faga especial, nin rasgos históricos ou etnográficos dignos de reseñar, como o proba o feito de non atoparse catalogada e a simplicidade e escaso valor arquitectónico da edificación.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D^ª. Francisca Giz Vidal licenza municipal para a demolición dunha vivenda en estado ruinoso no lugar de Vilar, parroquia de Covas, de referencia catastral 27067 A026005430000XQ , de acordo co proxecto de demolición visado polo COAATIE de Lugo co número 2016/468, e o anexo de memoria urbanística, ambos documentos asinados polo aparellador, D. Luis Rodríguez Díaz e baixo a súa dirección facultativa.

Segundo.- A licenza municipal suxeitase ao cumprimento das seguintes condicións particulares:

- a. O interesado deberá abonar a liquidación complementaria correspondente a diferenza entre o orzamento de execución material declarado (778,45 euros) e o conformado polos servizos técnicos municipais (5.350,00 euros).
- b. De ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal.
- c. Os entullos que se xeneren durante as obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Terceiro .- Dar traslado do expediente á Tesourería municipal para os efectos de requirir a constitución da fianza indicada na letra a) do apartado anterior.

Concello de Viveiro

Cuarto .- As condicións xerais ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

- 1.1 A presente licenza só facultará ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire pero non alterará a situacións xurídico privadas entre este e as demais persoas.
- 1.2 As obras executaranse con estrita suxeición ó proxecto aprobado e baixo a dirección do técnico que figura no expediente. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.
- 1.3 O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; así mesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.
- 1.4 Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.
- 1.5 A licenza urbanística constitúe un requisito legal para a contratación da subministración dos servizos de enerxía eléctrica, auga, gas, telefonía e telecomunicacións, nos casos e termos establecidos na lexislación urbanística.
- 1.6 Os prazos para o inicio e o remate das obras non poderán exceder de seis meses e tres anos, respectivamente, contados dende a data do outorgamento da licenza, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados e ó Servizo de Tesourería.

2.- EXPTE. 119/2016.- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE .- "REPOSICIÓN DE FIRME NO VIAL DENOMINADO "RÚA DO CEMITERIO" SITO NO NÚCLEO URBANO DE CELEIRO (VIVEIRO)".

Visto o Plan de Seguridade e Saúde presentado por CARFERLO, S.L., referente á obra "Reposición de firme no vial denominado "rúa do Cemiterio" sito no núcleo urbano de Celeiro (Viveiro)".



Concello de Viveiro

Visto o informe favorable a este Plan de Seguridade e Saúde emitido polo coordinador durante a fase de execución da obra, D. Iván Prada Casas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Prestar aprobación ó Plan de Seguridade e Saúde presentado por CARFERLO, S.L., referente á obra "Reposición de firme no vial denominado "rúa do Cemiterio" sito no núcleo urbano de Celeiro (Viveiro)".

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para a súa notificación ós interesados.

3.- EXPTE. 132/2016.- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE CONTRATACIÓN OBRA MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DE ACCESO A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS NO CONCELLO DE VIVEIRO-LUGO .- AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL-AGADER.

Visto o Plan de Seguridade e Saúde presentado por CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO, S.L., referente á obra "MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DE ACCESO A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS NO CONCELLO DE VIVEIRO. EXPTE.: 2016/10".

Visto o informe favorable a este Plan de Seguridade e Saúde emitido polo coordinador de seguridade e saúde das obras durante a fase de execución, D. Manuel Pajón Otero, en cumprimento do disposto no Artigo 7 do R.D. 1627/97, de 24 de outubro polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde na obras de construción.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Prestar aprobación ó Plan de Seguridade e Saúde presentado por CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO, S.L., referente á obra "MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DE ACCESO A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS NO CONCELLO DE VIVEIRO. EXPTE.: 2016/10".

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para a súa notificación ós interesados.

4.- EXPTE. 1934/2016.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.

Por parte da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, dáse conta das Resolucións feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, que se corresponden coas Resolucións Número 750 e Número 778 que figuran no ANEXO I da presente Acta.

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

5.- EXPTE. 879/2016.- LICENCIA URBANÍSTICA OBRAS EN RÚA GRANDE 81 CELEIRO .- LOPEZ PENNA JUAN, 33759373L, INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN EDIFICIO DE VIVENDAS, RÚA GRANDE Nº81 CELEIRO.

Vista a solicitude de licenza presentada por D D. Juan López Pena, con DNI 33.759.373-L, e domicilio a efectos de notificación en Rúa Grande, nº 81-1º, en Celeiro, Viveiro, para a instalación de ascensor en edificio sito na rúa Grande, nº 81 en Celeiro, de referencia catastral 3674211PJ1337S.

Coa solicitude achégase proxecto de execución asinado pola arquitecta, D^a. Susana Pérez Pereiras, visado polo COAG en data 3 de xuño de 20161603270 e oficio de dirección facultativa a favor da citada arquitecta.

Visto que obra no expediente o preceptivo informe técnico de conformidade das actuacións solicitadas coa legalidade urbanística, asinado polo arquitecto municipal o 3 de agosto de 2016. As concretas actuacións a executar, segundo o informe técnico, consisten na instalación de ascensor en edificio existente. As actuacións propostas afectan a inmovible construído en solo clasificado como urbano consolidado, ao que lle resulta de aplicación a ordenanza regulada no punto 10 (edificacións existentes) do anexo do decreto 102/2006, do 22 de xuño, coas modificacións introducidas polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño).

O orzamento declarado (28.920,98 euros) resulta conforme, segundo o técnico municipal, sen prexuízo das posibles variacións que se poideran producir durante a execución das obras que, de ser o caso, darían lugar ás revisións correspondentes.

Visto que por parte da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo se emitiu informe xurídico para dar cumprimento ao disposto no artigo 143.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG).

Visto que a técnico xurídico sinala no seu informe que, de conformidade co disposto no artigo 142.2 da LSG, en relación co artigo 2.2, letra b) da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación (LOE), as actuacións proxectadas constitúen actos de edificación e uso do solo que, conforme á normativa xeral de ordenación da edificación, precisan de proxecto de obras de edificación, polo que están suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable. O procedemento de outorgamento de

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

licenzas urbanísticas é o regulado no artigo 143 da LSG. O expediente dispón da documentación completa, necesaria para outorgamento da licenza.

Conforme o disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, coas modificacións introducidas polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño; de acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe técnico favorable do arquitecto municipal que obra no expediente, as actuacións propostas cumpren coas previsións das ordenanzas de solo urbano consolidado e de edificacións existentes, reguladas nos puntos 1 e 10 do anexo do Decreto 102/2006.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. JUAN LÓPEZ PENA, licenza municipal para a instalación de ascensor en edificio sito na rúa Grande, nº 81, en Celeiro, de referencia catastral 3674211PJ1337S, de acordo co proxecto de execución asinado pola arquitecta, D^a. Susana Pérez Pereiras, visado polo COAG en data 3 de xuño de 20161603270 e baixo a súa dirección facultativa.

Segundo.- A licenza municipal suxeitase ao cumprimento das seguintes condicións particulares:

- a. De ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal
- b. Os entullos que se xeneren durante as obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Terceiro .- As condicións xerais ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

- 1.1 A presente licenza só facultará ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire pero non alterará a situacións xurídico privadas entre este e as demais persoas.

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

- 1.2 As obras executaranse con estrita suxeición ó proxecto aprobado e baixo a dirección do técnico que figura no expediente. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.
- 1.3 O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; así mesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.
- 1.4 Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.
- 1.5 Réxime de caducidade das licenzas:
 - a. O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos, desde o día seguinte ao de notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, e non poderán interroperse as obras por tempo superior a seis meses.
 - b. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.
 - c. A declaración de caducidade extinguirá a licenza, non podendo iniciarse nin continuar as obras, agás traballos de seguridade e mantemento, dos que se dará conta ao Concello apra o seu control
- 1.6 Nas obras de nova edificación e reestruturación xeral, o promotor deberá dispoñer dun cartel informativo visible dende o exterior, no que consten:
 - a. O nome e apelidos dos seguintes técnicos: dos proxectistas, dos directores da obra e de execución da obra, do coordinador de seguridade e saúde e dos contratistas.
 - b. Ordenanza que se aplica e usos aos que se vai destinar a edificación.
 - c. Data de expedición da licenza e prazo de execución das obras.
 - d. Número de plantas autorizadas.
 - e. Número de expediente.
 - f. Prazo de execución das obras.



Concello de Viveiro

Cuarto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14:50 horas do día 26 de agosto de 2016, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.